
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de GalizaRúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Carlos Aymerich Cano** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa á prevención da tortura e outros tratamentos e penas crueis, deshumanos e degradantes en Galiza de conformidade cos instrumentos internacionais ratificados polo Estado español.

Nestes días o Comité contra a Tortura da ONU (doravante CAT) está a analizar os informes presentados por diferente ONG nas que, de conformidade co seu Protocolo facultativo, denúncianse posíbeis casos de violación desta Convención acontecidos en rúas, cárceres e outros centros de detención situados en territorio galego dentro dun contexto xeral que contradí a versión do goberno español que teima en negar, apesar das evidencias, todos os casos de tortura ou tratamento cruel inhumano ou degradante. Baste como exemplo a denuncia formulada recentemente por Amnistía Internacional sobre a impiedade da tortura policial no Estado español na segunda edición do informe “España: sal na ferida” que se vén xuntar aos elaborados pola Coordinadora para a Prevención da Tortura.

Cumpre lembrar que o 13 de Marzo de 2007 o Pleno do Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha Proposición Non de Lei do Grupo Parlamentar do BNG na que se instaba á Xunta a pór en andamento en Galiza, previa interlocución coas asociacións de dereitos humanos, un mecanismo de prevención coas competencias e funcións establecidas no Protocolo Facultativo á Convención contra tortura e outros tratamentos e penas crueis, deshumanos e degradantes, mandado que aínda está por cumprir e que a recente – e discutíbel – creación do mecanismo a nivel estatal volve pór de actualidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así pois, formúlase a seguinte Proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a crear un mecanismo de prevención, coas funcións e competencias establecidas no Protocolo Facultativo á Convención contra tortura e outros tratamentos e penas crueis, deshumanos e degradantes, en colaboración coas asociacións galegas de dereitos humanos.

Santiago de Compostela, 6 de Novembro de 2009

Asdo. Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 06/11/2009 13:40:19